

Convocatoria pública do programa de subvencións para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no Concello de San Sadurniño no ano 2023.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESARROLLEN ACCIONES NO EIDO DA CULTURA NO ANO 2023

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria do Programa de subvencións para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no Concello de San Sadurniño para o ano 2023.

PRIMEIRO: beneficiarios e réxime de concesión.

Poderán acceder a estas axudas as entidades e asociacións culturais rexistradas no rexistro municipal de entidades cidadás que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da localidade ou sobre temas culturais de interese xeral e cumpran os requisitos establecidos no apartado 5 da ordenanza xeral de subvencións do Concello de San Sadurniño.

O réxime de concesión será de concorrencia competitiva.

SEGUNDO: entidades solicitantes e requisitos.

As asociacións e entidades culturais solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar debidamente rexistradas no Rexistro municipal de entidades e ter os seus datos actualizados no Rexistro municipal de entidades no momento de presentar a súa solicitude.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non infrinxir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Cumprir os requisitos da convocatoria de concesión de subvencións.

- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da localidade e sobre temas culturais de interese para ela.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.

TERCEIRO: órgano competente para a instrución e resolución do procedemento.

Como se indica no apartado 4 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño será a Alcaldía-Presidencia ou a Concellería delegada.

CUARTO: obxecto.

A realización de actividades de promoción da Cultura no termo municipal de San Sadurniño, dentro dos gastos subvencionables establecidos no punto 7 da ordenanza xeral de subvencións do Concello de San Sadurniño.

Os gastos obxecto de subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 1/01/2023 e o 30/11/2023.

QUINTO: bases reguladoras.

O programa rexerese polas bases reguladoras publicadas no BOP da Coruña BOP nº 232 de data 09/12/2022 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de San Sadurniño aprobadas por acordo plenario de data 29/09/2022.

SEXTO: contía.

O importe da consignación ascende a 13.500,00 euros con cargo no capítulo IV do orzamento municipal para o ano 2023.

A contía da subvención estará en función do custo dos programas, dos criterios de baremación e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente os proxectos, e terá en todo caso un importe máximo por beneficiario de 4.000,00 euros (para a liña 1).

SÉTIMO: solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes das subvencións dirixiranse á Alcaldía do Concello de San Sadurniño, no modelo que figura como anexo a estas bases (ANEXO I), e presentaranse, dentro do prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da BDNS e presentaranse en formato electrónico a través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello.

OITAVO: programas subvencionábeis

Establécense dúas liñas subvencionables dentro da presente convocatoria:

- Liña 1. Actividades culturais:

As dirixidas á realización de actividades puntuais ou de carácter anual, no eido cultural. Entenderase por actividades culturais, actividades tales como: celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, etc., en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais galegos.

- Liña 2. Gastos de mantemento, infraestrutura e equipamento cultural:

Para gastos de mantemento, mellora das instalacións e equipamento cultural das asociacións e entidades sen fin de lucro que dispoñan de local en propiedade ou en réxime de aluguer.

NOVENO: criterios de avaliación.

Os criterios de valoración, que serán ponderados de maneira xustificada para o outorgamento de subvención e fixación da súa contía, así como a puntuación correspondente a cada un deles, despois de aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Contía} = (\text{PE} \times \text{PO}) / \text{PT}$$

Sendo PT a puntuación total das entidades, PE a puntuación da entidade solicitante, e PO o importe da partida orzamentaria en euros.

Criterios (liña 1):

1. Interese xeral da actividade e a súa repercusión social: até 3 puntos.
2. Fomento da educación en valores de solidariedade, paz e respecto á natureza nas actuacións propostas: até 0,50 puntos.
3. Grao de innovación da proposta, considerada de forma global, sobre todo naqueles sectores culturais que poidan aparecer como deficitarios: até 0,50 puntos

4. Contía orzamentaria admitida:
 - de 500 a 2.500 euros: até 0,50 puntos
 - de 2.501 a 5.000 euros: até 1 punto
 - de 5.001 a 10.000 euros: até 1,50 puntos
 - de 10.001 a 15.000 euros: até 2 puntos
 - máis de 15.000 euros: até 3 puntos
5. Accións de recuperación patrimonial (etnográfica, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial): até 2 puntos.
6. Eventos e/ou actividades que contribúan a manter tradicións culturais ou costumes propios da cultura Galega (recuperación de celebracións tradicionais, magosto, nadal, entroido, letras galegas e eventos de similar natureza).
7. Accións dirixidas á promover a participación da xuventude na vida social: até 0,50 puntos
8. Accións dirixidas á promover a igualdade entre mulleres e homes: até 3 puntos
9. A estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito da actuación puntual desenvolta: até 1 punto
10. Grao de patrocinio doutras entidades públicas ou privadas: até 1 punto
11. Avaliación doutros contidos: até 3 puntos
12. Propostas conxuntas e de colaboración: até 3 puntos. Valoraranse os proxectos que se desenvolvan en conxunto con outras entidades na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual.

DÉCIMO: documentación.

1. Solicitud (Anexo I)
2. Programación anual de actividades (Anexo II).
3. Gastos de mantemento, infraestructuras e equipamento (Anexo III).
4. Certificado de solicitud (Anexo IV).
5. Declaración responsable non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración (Anexo V).
6. Compromiso de obtención de permisos e licenzas (Anexo VI).
7. Declaración de local en propiedade (Anexo VII).

Así mesmo, presentarase a seguinte documentación relativa á entidade:

- a) Acta fundacional.
- b) Estatutos da entidade.
- c) Certificación ou documentos xustificativos do número de inscrición no Rexistro xeral de asociacións e noutros rexistros públicos.
- d) Certificación dos datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.

- e) Certificación ou documentos xustificativos do domicilio social e copia do CIF da entidade.
- f) Certificación orixinal dos datos bancarios.
- g) Fotocopia do NIF da persoa representante da entidade.

Se a documentación á que se refiren os apartados a), b), c), d), e) e g) xa está presentada e actualizada no Rexistro municipal de entidades do Concello, non será necesaria a súa entrega.

UNDÉCIMO: proposta de resolución

O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase unha vez revisadas as solicitudes presentadas, elaborándose proposta de resolución que será resolta pola Xunta de Goberno Local concedendo ou denegando a axuda.

DUODÉCIMO: prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións terminará o día 30 de novembro de 2023, agás que se solicítase e concedese unha prórroga, que non excederá nunca do prazo de 50 días.

En San Sadurniño,

Sr. Alcalde Secundino García Casal



O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474



O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474